



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello

Día: 2 de febreiro de 2017

Hora de comezo: 14.15 h

Hora de remate: 14.50 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Adhesión ao convenio entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais**
- 3. Renovación do convenio coa Fundación Amigos de Galicia**
- 4. Altas no servizo de abastecemento / saneamento**
- 5. Xustificación final do programa de integración laboral, anualidade 2016**
- 6. Xustificación final do programa "impulso ó desenvolvemento económico, fomento do emprego e apoio ó comercio de Boqueixón", ano 2016**
- 7. Xustificación final de RISGAS, ano 2016**
- 8. Xustificación do programa de conciliación e responsabilidades compartidas**
- 9. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do concello coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión SL**
- 10. Aprobación convenio para a campaña de comunicación do concello coa entidade Editorial Compostela SA**
- 11. Aprobación da organización das “2^{as} Xornadas Gastronómicas da Filloa 2017”**

- 12. Pagamento do seguro de voluntarios de protección civil**
- 13. Concesión dunha axuda económica ó CPI Antonio Orza Couto**
- 14. Cesión do auditorio do local socio cultural de Codeso á asociación de veciños de Sta Olalla de Codeso**
- 15. Arquivo expediente 9/1833 , denuncia urbanística**
- 16. Arquivo expediente limpeza de parcela en Loureda e devolución de importe transferido ó concello**
- 17. Aboamento factura rectificada GM20170000004696 de “VUELING”**
- 18. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 19 de xaneiro do 2017

2.Adhesión ao convenio entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais

Con data 18 de xaneiro de 2017, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e as empresas subministradoras de enerxía asinaron un convenio de colaboración cuxo obxecto é o establecemento de mecanismos de coordinación entre a Fegamp, os diferentes concellos que se adhiran e as ditas empresas para resolver, mediante un procedemento estándar, áxil e homoxéneo, as demandas de axuda para o pago da factura eléctrica ou de gas que cheguen as servizos sociais municipais, coa finalidade de evitar os cortes de subministracións.

Trátase de establecer os mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes partes implicadas de cara a evitar a suspensión da subministración de electricidade e gas a persoas e/ou familias que poidan ser beneficiarias dunha prestación económica de emerxencia social por atoparse en situación de vulnerabilidade, previa valoración técnica dos servizos sociais municipais.

O Concello de Boqueixón, a través do departamento de servizos sociais municipais, atende con carácter habitual casos de persoas en situación de vulnerabilidade con risco de verse sometidas a un corte de subministración.

Cómpre consecuentemente a adhesión ao dito convenio, de cara a avanzar na mellora dos mecanismos de coordinación coas empresas subministradoras, evitando cortes de subministración nos casos en que sexa viable a tramitación dunha prestación económica por emerxencia social.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar a adhesión ao convenio entre a FEGAMP e as empresas subministradoras de enerxía para a protección das persoas e familias en situación de vulnerabilidade ou

urxencia social na Comunidade Autónoma de Galicia a través da coordinación cos servizos sociais municipais, o que a continuación se transcribe literalmente:

Santiago de Compostela, a 18 de xaneiro de 2017.

REUNIDOS

Dunha parte, Alfredo Laudelino García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP), no uso da facultade atribuída polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 30 de outubro de 2015.

Doutra parte, D. Miguel Temboury Molina, con DNI xxxxxx, en nome e representación de ENDESA ENERGÍA SA (Unipersonal), con CIF nº A-81948077, domiciliada en Madrid, Rúa Ribera del Loira nº 60, en virtude de escritura pública autorizada polo Notario de Madrid, D. Francisco Javier Gardeazábal del Río, o 13 de xaneiro de 2016, co nº 2015/3143/N/10/12/2015 de protocolo, e en nome e representación de ENDESA ENERGÍA XXI, SL (Unipersonal), con CIF nº B-82846825, domiciliada en Madrid, Rúa Ribera del Loira nº 60, en virtude de escritura pública autorizada polo Notario de Madrid, D. Francisco Javier Gardeazábal del Río, o 13 de xaneiro de 2016, co nº 2015/3145/N/10/12/2015 de protocolo (en diante ambas empresas serán denominadas como ENDESA).

Doutra parte, D. José Antonio Sánchez Loureda, con DNI xxxxxx, Delegado de Galicia e Asturias de GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA (no sucesivo GAS NATURAL FENOSA) con CIF nº A-08431090 e domicilio social en Barcelona, Praza do Gas nº1, quen actúa en nome e representación desta entidade, en virtude do seu cargo e dos poderes outorgados mediante escritura pública, en data 3 de febreiro de 2011, ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Cataluña, D. Francisco Armas Omedes, protocolo número 280.

Doutra parte, Jose Ignacio Lázaro Estarta, con DNI xxxxxx, Delegado Comercial en Galicia de Iberdrola Clientes S.A.U. CIF nº A-95758389 e Iberdrola Comercialización de Último Recurso, S.A.U. CIF:A-95554630 (no sucesivo IBERDROLA) e domicilio social en Plaza Euskadi 5, 48009 Bilbao, quen actúa en nome e representación desta entidade, en virtude de seu cargo e dos poderes outorgados mediante escritura pública, en data 16 de marzo de 2015, ante o Notario do Ilustre Colexio Notarial de Madrid, D. Miguel Gallardón García de la Rasilla, protocolos número 1655 y 1653, respectivamente.

E doutra parte, D. Julián de Benito Cavero, con DNI xxxxxx, e D. Javier Anzola Pérez, con DNI xxxxxx, en nome e representación de Viesgo Energía S.L., con CIF nº B-39540760, domiciliada en Santander, rúa Isabel Torres nº 25, en virtude de escritura pública autorizada polo Notario de Madrid, D. Dominguez Nafría, o 25 de febreiro de 2016, co nº de protocolo 525, e en nome e representación de Viesgo Comercializadora de Referencia, S.L., con CIF nº B-39072436, domiciliada en Madrid, Santander, Rúa Isabel Torres nº 25, en virtude de escritura pública autorizada polo Notario de Madrid, Sr. Domínguez Nafría, o 25 de febreiro de 2016, co nº de protocolo 527 (en diante ambas empresas serán denominadas como VIESGO).

As partes asinantes, recoñécense mutuamente a capacidade legal, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio.

EXPOÑEN

1. A Federación Galega de Municipios e Provincias é unha asociación constituída por todos os concellos de Galicia, as Deputacións provinciais e as entidades menores existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, que ten entre os seus fins o fomento e a defensa da autonomía das Entidades locais.

2. As empresas asinantes decláranse firmemente comprometidas coa protección dos consumidores en situación de vulnerabilidade, razón pola que, adicionalmente ao estrito cumprimento das súas obrigas de conformidade co vixente marco normativo na materia, e como expresión dos principios de solidariedade e de servizo á comunidade que inspiran a súa actuación empresarial e no marco dos compromisos derivados da súa responsabilidade social, amosaron a súa disposición a subscribir coas Administracións Públicas convenios encamiñados a extremar a protección de tales consumidores.

3. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 25.2.e) atribúe ao municipio competencia propia en materia de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social. Na súa conformidade, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, atribúe aos municipios competencias para crear e xestionar servizos sociais específicos no ámbito local así como a detección e análise das necesidades e da problemática social existente no seu ámbito e mesmo a elaboración de plans e programas de servizos sociais.

4. Que a directiva 2009/72/CE de 13 de xullo de 2009 sobre normas comúns para o mercado interior de electricidade e pola cal se derroga a directiva 2003/54/CE en relación á subministración eléctrica contén o mandato aos Estados membros de adoptar as medidas axeitadas para garantir a subministración eléctrica aos consumidores vulnerables, feitos que ha de poñer en relación coa conxuntura económica actual que provocou a dificultade de moitas familias para atender os gastos de subministración enerxética, tanto eléctrica como de gas.

5.-Que vistos os protocolos existentes entre a Administración Autonómica Galega e as empresas enerxéticas, procede establecer un novo protocolo de coordinación e xestión entre as empresas comercializadoras e os Concellos, para detectar á maior brevidade os problemas dos cidadáns, e evitar cortes innecesarios na subministración ás familias en risco de exclusión.

6. Que visto que moitos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia veñen outorgando axudas aos seus cidadáns en situación de vulnerabilidade para que poidan facer fronte o pagamento da subministración de electricidade e/ou gas, as empresas asinantes e a Fegamp teñen a vontade de rubricar un convenio para facilitar a coordinación e a tramitación necesarias coa finalidade de que non se chegue a realizar o corte na subministración de electricidade e/ou gas, e complementar as axudas autonómicas existentes.

Por todo iso, as partes, conveñen as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto establecer os mecanismos de coordinación entre a Fegamp, os concellos que se adhiran e as empresa asinantes, encamiñados a evitar a suspensión da subministración de electricidade e gas a persoas e familias beneficiarias –definidas na cláusula segunda deste convenio- por razón do impago da factura ou facturas eléctricas ou de gas ou, en caso de suspensión da subministración, a facilitar o seu restablecemento no menor período de tempo posible, en virtude da prestación económica de emerxencia social que a Administración Local concederá ao beneficiario, previo informe dos servizos sociais municipais, para o pagamento da factura ou facturas adebedadas.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS.

1. Consideraranse beneficiarias do presente convenio as persoas físicas consumidoras da subministración de enerxía eléctrica ou gas prestado polas empresas asinantes para a súa vivenda habitual situada no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que, previa valoración técnica dos servizos sociais municipais, poidan ser beneficiarias dunha prestación económica de emerxencia social por atoparse en situación de vulnerabilidade.
2. Quedan excluídos deste convenio os casos nos que se detecte unha situación de conexión fraudulenta á rede atribuíble ao consumidor, cuxa xestión corresponde, ademais, ás empresas distribuidoras.

TERCEIRA. PROCEDEMENTO OPERATIVO.

1. Cando un concello, a través dos servizos sociais municipais, detecte o caso dunha persoa ou familia en situación de vulnerabilidade con dificultades para o pagamento das facturas de electricidade e/ou gas, realizará unha valoración técnica da situación na que se atopa esa persoa ou familia para determinar, previa instrución do expediente preceptivo, se pode resultar beneficiaria dunha prestación económica destinada ao abono da débeda derivada da subministración eléctrico e/ou de gas.
2. Se así fose, poñerá tal circunstancia en coñecemento da empresa asinante, previa autorización do posible beneficiario da axuda, mediante correo electrónico especificado no ANEXO II, identificando a dirección da subministración, o número de contrato, o nome e NIF do titular do mesmo e un teléfono de contacto, así como a referencia e importe das facturas obxecto da axuda das que teña coñecemento o Concello, e especificando que a xestión se fai ao amparo deste convenio.
3. Unha vez que o concello efectuou o pago á empresa asinante da factura ou facturas adebedadas obxecto da axuda, a entidade local informará do mesmo á empresa mediante correo electrónico dirixido á dirección especificada no Anexo II, aportando o xustificante e os datos necesarios para a súa correcta identificación. Este pago realizarase mediante transferencia bancaria á conta titularidade da empresa asinante que en cada momento teña notificado esta ao concello. Pola súa parte, a empresa comercializadora informará sobre a aplicación do importe recibido á débeda do cliente mediante correo electrónico dirixido aos servizos sociais correspondentes, aportando o xustificante e os datos necesarios para a súa correcta identificación.
4. Se transcorrido o prazo establecido no apartado 1 da cláusula cuarta, o concello non fixera o pagamento da totalidade do importe adebedado, a empresa correspondente procederá a reactivar o proceso de suspensión da subministración e este impago considerárase un incumprimento aos efectos

do establecido nas cláusulas sexta e décimo terceira, respecto á adhesión do concello a este convenio.

5. En caso de existir outras facturas pendentes de pagamento á marxe das comunicadas, a empresa correspondente poñerá en coñecemento dos servizos sociais municipais para a súa inclusión, se procede, na prestación económica.

CUARTA. OBRIGAS DAS EMPRESAS ASINANTES.

1. As empresas asinantes obríganse a manter a subministración de electricidade e/ou gas ao beneficiario durante dous meses contados a partir do momento no que recibe a comunicación dos servizos sociais municipais informando da situación de vulnerabilidade do beneficiario, ou durante un máximo de dous meses dende a data da solicitude de reposición no caso de subministracións suspendidas, para dar tempo á xestión e ao pagamento da axuda que proceda destinada ao abono da factura ou facturas adebedadas.
2. No caso de que o beneficiario teña interrompida a subministración por impago, as empresas asinantes obríganse a solicitarlle ao distribuidor que corresponda o restablecemento da subministración de electricidade e/ou gas de modo inmediato, unha vez recibida a comunicación dos servizos sociais municipais. O reestablecemento será posible, en xeral, dentro das vinte e catro horas seguintes á recepción da comunicación dos servizos sociais municipais.
3. As empresas asinantes obríganse a non esixir o pagamento de ningún tipo de interese, comisión ou outros gastos adicionais. Quedan exceptuados os gastos de reconexión que poida esixir o distribuidor nas subministracións suspendidas.
4. As empresas asinantes obríganse a devolver, sen intereses de demora, os pagamentos que a este efecto realicen os concellos adheridos a este convenio, no caso de que o pagamento da factura xa estea efectivamente realizado.
5. As empresas asinantes asesorarán de forma individualizada ao beneficiario en relación con diferentes posibilidades de optimización do seu contrato de electricidade e/ou gas, como é a adaptación da potencia contratada ao uso real da mesma, con proposta de actuacións que fomenten a eficiencia enerxética e con información sobre o bono social.
6. Nos casos nos que un potencial beneficiario deste convenio se dirixa directamente á empresa asinante correspondente por calquera das canles de atención a clientes para solicitar acollerse ao convenio ou xestionar os seus impagos, dita empresa facilitará a información básica sobre a operativa do convenio e os datos de contacto dos servizos sociais municipais para que poida tramitar a solicitude.
7. As empresas asinantes ofrécense a facilitar aos servizos sociais municipais asesoramento, información e formación sobre distintos aspectos relacionados co aforro do consumo eléctrico e/ou de gas.

QUINTA. OBRIGAS DA FEGAMP.

1. A Fegamp dará a coñecer este convenio entre todos os seus asociados.
2. Recibir dos concellos o documento de adhesión do Anexo I.

3. Trasladar ás empresas asinantes copia en formato dixital dos documentos de adhesión que remitan os concellos á Fegamp, baixo a referencia “CONVENIO FEGAMP- URXENCIA SOCIAL ENERXÍA”.
4. Facilitar o uso das súas instalacións, sempre que estiveran dispoñibles, para a celebración de sesións informativas sobre a pobreza enerxética, o aforro enerxético e aspectos transversais a este convenio.

SEXTA. OBRIGAS DOS CONCELLOS.

Os concellos que estean interesados en adherirse a este convenio obríganse a:

1. Cumprimentar a solicitude de adhesión disposta no Anexo I e remitirla á Fegamp de xeito inmediato unha vez o órgano municipal competente aprobe dita adhesión.
2. Realizar a xustificación necesaria para a declaración de beneficiario aos efectos deste convenio, e determinar o importe da débeda que se propón para o pagamento, de conformidade coa normativa de aplicación, e emitir documento onde se determine a condición de beneficiario do interesado aos efectos deste convenio e o importe económico da axuda, cuxa duración será estimada segundo a evolución da situación de vulnerabilidade do beneficiario, a dispoñibilidade orzamentaria e de acordo coas respectivas ordenanzas reguladoras das prestacións de emerxencia social, se as houbera.
3. Iniciar o procedemento previsto neste convenio mediante solicitude á comercializadora da empresa asinante que corresponda, da petición de suspensión temporal da orde de corte da subministración, segundo o procedemento exposto na cláusula terceira.
4. Pagar á empresa asinante correspondente o importe aprobado polo concello para saldar a débeda contraída polo beneficiario, na forma prevista na cláusula terceira, nun prazo inferior ao establecido na cláusula 4.1 deste convenio.

SÉTIMA. PROCEDEMENTO DE ADHESIÓN.

1. As entidades locais poderán adherirse ao presente convenio mediante a subscripción do correspondente Acordo de Adhesión que figura no Anexo I. A solicitude de adhesión deberá ser remitida por correo postal á sede da Fegamp, sita en Rúa Varsovia 4C 6ª planta. Área Central. 15707 Santiago de Compostela desde o día seguinte da sinatura do convenio.
2. En todo caso, a adhesión de cada concello quedará sen efecto por denuncia expresa realizada por escrito e comunicada á Fegamp e á empresa correspondente, cunha antelación mínima de tres meses á data na que se pretende que se faga efectiva, por un incumprimento grave acreditado das obrigas asumidas. Con todo, a extinción das obrigas derivadas da adhesión do concello non afectará á vixencia do convenio ni ao resto de adhesións ao mesmo, nin aos expediente iniciados con anterioridade, se os houbera.

OITAVA. COORDINACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS

A Fegamp colaborará coas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia adoptando cantas medidas sexan necesarias para facilitar o

Desenvolvemento por parte destas das actuacións da súa competencia relativas ás materias que son obxecto deste convenio.

NOVENA. APLICACIÓN E SEGUIMENTO DO CONVENIO.

1. Crearase unha comisión de seguimento do presente convenio integrada por dúas persoas designadas por cada unha das partes asinantes, que levará a cabo o seguimento das obrigas previstas no mesmo, tratando de resolver as cuestións que puideran xurdir na súa interpretación e aplicación.
2. Dentro dos cinco días seguintes á sinatura do presente convenio, cada unha das partes designará un interlocutor e notificará tal designación á outra parte. Os interlocutores de ambas partes concretarán de común acordo cantas cuestións técnicas e instrumentais sexan necesarias para a aplicación do convenio e o pleno cumprimento dos obxectivos do mesmo.
3. En todo caso, e coa finalidade de garantir a confidencialidade e ao obxecto de facilitar a execución do convenio, ambas partes establecerán, mediante acordo dos seus respectivos interlocutores, canles específicas e exclusivas e intercambio da información requirida para a execución do disposto no convenio.
4. A comisión de seguimento reunirse cunha periodicidade ordinaria de 6 meses, a petición das partes.

DÉCIMA. NOTIFICACIÓNS.

As notificacións relativas ao presente convenio entre as partes asinantes dirixiranse ás persoas e direccións de correo electrónico seguintes:

- FEGAMP:
Lucía González Louro
Correo electrónico: lucia.gonzalez@fegamp.gal
- ENDESA:
Lorenzo de las Cuevas Hevia
Correo electrónico: lorenzo.delascuevas@endesa.es
- GAS NATURAL FENOSA:
Nome: Cristina Sogas
Correo electrónico: csogas@ganaturalfenosa.com
- IBERDROLA:
Pedro de Marcos Lorenzo
Correo electrónico: pdmarcos@iberdrola.es
- VIESGO:
Elena Iglesias García
Correo electrónico: elena.iglesias.g@viesgo.com

DÉCIMO PRIMEIRA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Ambas partes recoñecen e aceptan que para a prestación dos servizos obxecto do presente convenio de colaboración, será necesario o acceso da empresa asinante a datos de carácter persoal dos beneficiarios, dos que será responsable cada concello adherido, levando a cabo a empresa un tratamento dos ficheiros de datos por conta de cada concello. Sendo isto así, e para os efectos de cumprir co disposto no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de novembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante LOPD) e as normas que a desenvolven, as partes acordan que respecto ao citado encargo de tratamento de datos aplicárase o seguinte:

- a) As partes comprométense a que, nas actuacións que se realicen en cumprimento do presente convenio, observarse estrictamente a lexislación reguladora da protección de datos de carácter personal. Neste senso, para a prestación do obxecto deste convenio as empresas asinantes accederán a determinados datos persoais dos beneficiarios que serán recabados polos concellos correspondentes, sendo estas Administracións as responsables de tales datos. Pola súa parte, as empresas comercializadoras asinantes serán as encargadas do tratamento dos datos persoais que lle comunique a Administración e, aplicarán respecto destes as medidas de seguridade que correspondan.
- Así mesmo, á finalización do presente convenio, as empresas comercializadoras asinantes deberán devolver aqueles datos persoais dos beneficiarios que foran entregados coa finalidade de executar este convenio.
- b) As empresas asinantes comprométese a que unicamente accedan aos datos identificativos do beneficiario as persoas que sexan estrictamente imprescindibles para o cumprimento do presente convenio e a non darlle aos mesmos unha finalidade distinta da esixida para a execución do previsto no mesmo, nin sequera con fins de conservación.
- c) A Administración actuante recabará o consentimento do beneficiario para comunicar os seus datos persoais identificativos ás empresas asinantes coa finalidade exclusiva de que poida ser beneficiario do presente convenio.
- d) As obrigas establecidas na presente cláusula vinculan ás empresa asinantes e aos seus respectivos sucesores legais nas respectivas actividades, incluíndo calquera persoa xurídica resultante dunha fusión, adquisición ou calquera outra reestruturación que puidese sufrir a empresa.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA

O presente convenio de colaboración terá efecto dende o momento da súa sinatura e terá vixencia hasta o 31 de decembro de 2017, prorrogándose tacitamente por períodos anuais, se ningunha das partes formula denuncia por escrito, e cunha antelación mínima de tres meses á data de finalización do prazo de vixencia, sen prexuízo do establecido na cláusula seguinte.

DÉCIMO TERCEIRA. RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Sen prexuízo do establecido na cláusula anterior, serán causas de resolución do presente convenio:

- O acordo mutuo das partes.
- A imposibilidade sobrevida que afecte ao cumprimento dos respectivos compromisos.
- O incumprimento grave das obrigas sinaladas no convenio imputable a algunha das partes.
- Calquera outra establecidas na lexislación vixente.

DÉCIMO CUARTA. ADHESIÓN POSTERIOR AO PRESENTE CONVENIO.

Se unha vez asinado o presente convenio algunha outra comercializadora de enerxía eléctrica e/ou gas natural desexa adherirse ao mesmo e participar nas actuacións descritas, asinarase con esta unha addenda ao presente convenio.

DÉCIMO QUINTA. RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

1. O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ao amparo do establecido no seu artigo 4.1c).
2. A actuación das partes rexerase polo disposto no convenio e, supletoriamente, pola lexislación xeral reguladora da actuación dos concellos e da subministración de enerxía.
3. As partes comprométense á resolución amigable de cantas controversias puideran xurdir na interpretación e execución do presente convenio, a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula novena, correspondendo a competencia para resolver as mesmas, a falta de dito acordo, ao órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E como proba de conformidade a todo o que se expón e acorda, as partes asinan este convenio por duplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezado.

D. Alfredo Laudelino García Rodríguez
Presidente da Fegamp

D. Miguel Temboury Molina
ENDESA ENERGÍA S.A.U.
ENDESA ENERGÍA XXI,
S.L.U.

D. José Antonio Sánchez Loureda
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.

D. José Ignacio Lázaro
Estarta
IBERDROLA CLIENTES,
SAU
IBERDROLA
COMERCIALIZACIÓN DE
ÚLTIMO RECURSO S.A.U.

D. Javier Anzola Pérez y D. Julián de Benito Caverio
VIESGO ENERGÍA S.L.
VIESGO COMERCIALIZADORA DE
REFERENCIA S.L.

ANEXO I

PROTOCOLO DE ADHESIÓN DA ENTIDADE LOCAL

D. (nome e cargo)....., en representación do
concello.....

DECLARA

Que o (órgano competente) do concello de..... acordou, con data
..... solicitar a adhesión ao convenio (título, data, asinantes), para coordinar
o pagamento de axudas económicas para débedas xerados con motivo da
subministración de electricidade e/ou gas.

MANIFESTA:

A vontade do concello de, cuxa representación ostenta, de adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas co convenio mencionado, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con observancia de todas as súas cláusulas, en particular as referidas ás obrigas e compromisos establecidos para entidades locais.

En, a de..... de.....

Sinatura e selo.

ANEXO II

DATOS DAS EMPRESAS ASINANTES A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO

ENDESA

ENDESA ENERGÍA S.A.U.

CIF:A-81948077

NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO:

Cláusula Tercera Punto 2:clientes_vulnerables@endesa.es

Cláusula Tercera Punto 3:pagos_clientesvulnerables@endesa.es

• **ENDESA ENERGÍA XXI S.L.U.**

CIF: B-82846825

NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO:

Cláusula Tercera Punto 2:clientes_vulnerables@endesa.es

Cláusula Tercera Punto 3:pagos_clientesvulnerables@endesa.es

GAS NATURAL FENOSA

• **GAS NATURAL SERVICIOS SDG, SA**

CIF: A08431090

NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: vulnerables@gasnaturalfenosa.com

• **GAS NATURAL SUR SDG, SA**

CIF: A65067332

NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: vulnerables@gasnaturalfenosa.com

IBERDROLA

• **IBERDROLA CLIENTES, SAU (MERCADO LIBRE)**

CIF: A-95758389

NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx

CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO:

clientes_vulnerables@iberdrola.es

Teléfono: 900 100 752

- **IBERDROLA COMERCIALIZACIÓN DE ÚLTIMO RECURSO, SAU**
CIF: A-95554630
NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx
CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO:
clientes_vulnerables@iberdrola.es
Teléfono: 900 100 752

VIESGO

- **VIESGO ENERGÍA S.L.**
CIF: B-39540760
NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx
CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO:
cobros@viesgo.com
Teléfono: 900 11 88 66
Persoa de referencia: Mercedes Peón Gutierrez
- **VIESGO COMERCIALIZADORA DE REFERENCIA S.L.**
CIF: B-39072436
NÚMERO DE C/C A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO: IBAN: xxxxx
CORREO ELECTRÓNICO A EFECTOS DO ESTABLECIDO NA CLÁUSULA TERCEIRA DESTE CONVENIO:
cobros@viesgo.com
Teléfono: 900 10 10 05
Persoa de referencia: Mercedes Peón Gutierrez

2. Remitir a solicitude de adhesión á sede da Fegamp.

3.Renovación do convenio coa Fundación Amigos de Galicia

A Fundación Amigos de Galicia envía un modelo de convenio para que sexa asinado polo Sr. alcalde desta entidade.

Mediante este convenio, lévase a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas.

Polo tanto, e para que se leven a cabo as correspondentes actividades obxecto da súa sinatura a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o convenio asinado coa Fundación Amigos de Galicia que a continuación se transcribe literalmente:

En Boqueixón, a 2 de febreiro de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Manuel Fernández Munín, actuando no seu nome e representación do Concello de Boqueixón, e sendo o C.I.F. do Concello P-1501200-H;

Doutra parte, D. Jesús Busto Peteiro con D.N.I. xxxxx, como representante autorizado da Fundación Amigos de Galicia, sendo o C.I.F. da Fundación G15859911.

Ámbalas dúas partes se recoñecen mutuamente a capacidade xurídica necesaria para a formalización do presente Convenio e de común acordo,

EXPOÑEN;

Primeiro: A Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.

Segundo: A subvención que se tramita non pode ser obxecto de publicidade e concurrencia ao tratarse de actividades concretas realizadas por unha única entidade/persoa, ou que sendo realizada por varias, concédense a tódolos solicitantes.

Terceiro: Acredítase o interese público, social, económico ou humanitario da subvención.

Cuarto: O solicitante manifesta non estar en ningunha das situacións que establece o artigo 13.2 da lei 38/2003 que imposibilitan a obtención da condición de beneficiario, estando ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, a Seguridade Social, e a Comunidade Autónoma.

CLAÚSULAS:

- I. A presente subvención ten por obxecto o des envolvimento do **“Plan Integral de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social”** no cal se leva a cabo a distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas, sendo de interese público, social e/ou humanitario.
- II. As principais beneficiarias das axudas expostas neste convenio son persoas pertencentes a colectivos en situación de vulnerabilidade social, entre os que se encontran **mulleres vítimas de violencia de xénero, familias monoparentais, parados de longa duración e menores en situación ou risco de exclusión social, traballando pola integración laboral das persoas usuarias do programa, como solución real á situación de necesidade na que se atopan.**
- III. A actividade a subvencionar é a distribución dos produtos, e os custos que acarrea, para as persoas necesitadas do Concello de Boqueixón, concedéndose a cantidade de 2300€, con cargo a partida 313.210.00.O órgano competente para a concesión e aprobación do gasto é o Alcalde ou a X.G.L. por delegación.
- IV. O beneficiario comprométese a destinar a devandita subvención á realización da actividade fixada, cumprindo o obxectivo contemplado na cláusula I.
- V. O pagamento da subvención será nun único pago; efectiva previa presentación dunha pequena memoria especificando o cumprimento do obxectivo e da documentación acreditativa dos gastos realizados (orixinal ou fotocopia compulsada de facturas e os seus xustificantes dos pagos), por importe igual ou superior á cantidade concedida. O prazo para a xustificación será de tres meses dende a celebración da actividade, ou en caso de subvencionarse varias actividades, dende a celebración da actividade, ou en caso de subvencionarse varias actividades, dende a última celebrada. No caso de que a subvención sexa por importe superior a 600,00€, o beneficiario deberá presentar orixinais ou fotocopias compulsadas dos certificados de encontrarse ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social.
- VI. O beneficiario queda obrigado a reflexar, en toda a publicidade que utilice para a difusión da actividade, a constancia de colaboración económica do Concello, nas condicións que lle sexan fixadas polos responsables da Área de Comunicación. Asemade, o concello fará constar na súa publicidade a colaboración da Fundación Amigos de Galicia.
- VII. Este convenio estará vixente ata o 31/12/2017

Nestes términos queda redactado o presente convenio, no contido do cal as partes intervincentes se afirman e ratifican, asinándoo, por duplicado e a un só efecto, na data no encabezamento expresada.

Asdo: D. Manuel Fernández Munín

Asdo: D. Jesús Busto Peleteiro

Alcalde de Boqueixón

Dr. Xeral Fundación Amigos de Galicia

4. Altas no servizo de abastecemento / saneamento

A) Altas en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúense como beneficiarios do servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa	Importe conexión/ instalación contador
Yolanda xxxxx Vilar, s/n.- Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxxx	Xxxxx – Vilar, s/n.- Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €
Renato xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxxx	Xxxxx – Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €
Belén xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxxx	Xxxxx – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €	24,37 €

Polo que a Xunta de Goberno, acorda:

1- Dar de alta no servizo de abastecemento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes, así como os importes pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas pola alta de abastecemento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007. Así mesmo, os ingresos pola conexión á rede de abastecemento foron efectuados polos interesados nas arcas municipais, segundo o xustificante de ingreso que consta no expediente.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

B) Altas en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúense como beneficiarios de dito servizo ós usuarios que se relacionan a continuación:

Nome e enderezo fiscal	DNI	Enderezo inmovible	Taxa
Yolanda xxxxx Vilar, s/n.- Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxxx	xxxxxx – Vilar, s/n.- Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €
Renado xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxxx	xxxxxx – Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €
Belén xxxxx Vilar – Lestedo 15881 Boqueixón (A Coruña)	xxxxxx	xxxxxx – Vilar – Lestedo – 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no servizo de saneamento ós usuarios que se detallan na relación anterior, establecendo as taxas correspondentes que se rexerán pola ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

As altas concedidas son para vivenda.

As ditas taxas de saneamento foron aboadas pola promotora da construción “Vitra Breogán, SCG” o 28/12/2007.

2.- Notificar este acordo ós beneficiarios citados anteriormente ó enderezo fiscal indicado:

5.Xustificación final do programa de integración laboral, anualidade 2016

Con data do 12 de maio de 2016 solicitouse á Deputación Provincial da Coruña a través da Convocatoria do Programa de integración laboral e obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de 20.000 habitantes, anualidade 2016 (BOP número 75, do 21 de abril de 2016) para a contratación de 4 operarios de servizos, coa categoría de peón.

En sesión celebrada o día 17 de xuño de 2016, a Xunta de Goberno da Deputación da Coruña acordou aprobar o programa de Integración Laboral concedendo ó concello de Boqueixón unha achega económica por importe de 28.000 euros (BOP. Núm. 118, do 22 de xuño de 2016).

Con data do 11/10/2016 esta entidade recibíuse na conta de ABANCA o importe de 14.000 euros da axuda económica aprobada, en concepto de anticipo do 50%.

Con data do 4 de agosto de 2016 foron contratados os seguintes traballadores, por un período de 4 meses dende o 4 de agosto ata o 3 de decembro de 2016, cunha xornada do 100%, coa categoría de operario de servizos múltiples, grupo de cotización de peón::

Emilio José Vázquez Costa	xxxxx
Fidel Balo Mosquera	xxxxx
Antonio Fernández Varela	xxxxx
Juan Manuel Silva Hermida	xxxxx

O prazo de xustificación rematará o 30 de abril de 2017.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar e imputar os salarios brutos e as seguridade social da empresa dos traballadores contratados, como operarios de servizos múltiples:

Emilio José Vázquez Costa	xxxxx
Fidel Balo Mosquera	xxxxx
Antonio Fernández Varela	xxxxx
Juan Manuel Silva Hermida	xxxxx

2º.- Que a relación clasificada dos pagos realizados aos traballadores contratados no Programa de Integración Laboral é a seguinte:

Mes	Nome e apelidos do traballador	DNI	Categoría profesional	Total devengado	SS a cargo da empresa	Custo mensual	Data pago nómina	Data pago SS
Agosto	Emilio José Vázquez Costa	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.342,34 €	465,79 €	1.808,13 €	25/08/2016	30/09/2016
Agosto	Fidel Balo Mosquera	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.342,34 €	465,79 €	1.808,13 €	25/08/2016	30/09/2016
Agosto	Antonio Fernández Varela	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.342,34 €	465,79 €	1.808,13 €	25/08/2016	30/09/2016

Agosto	Juan Manuel Silva Hermida	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.342,34 €	465,79 €	1.808,13 €	25/08/2016	30/09/2016
Setembro	Emilio José Vázquez Costa	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	26/09/2016	09/11/2016
Setembro	Fidel Balo Mosquera	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	26/09/2016	09/11/2016
Setembro	Antonio Fernández Varela	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	26/09/2016	09/11/2016
Setembro	Juan Manuel Silva Hermida	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	26/09/2016	09/11/2016
Outubro	Emilio José Vázquez Costa	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/10/2016	29/11/2016
Outubro	Fidel Balo Mosquera	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/10/2016	29/11/2016
Outubro	Antonio Fernández Varela	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/10/2016	29/11/2016
Outubro	Juan Manuel Silva Hermida	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/10/2016	29/11/2016
Novembro	Emilio José Vázquez Costa	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/11/2016	31/12/2016
Novembro	Fidel Balo Mosquera	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/11/2016	31/12/2016
Novembro	Antonio Fernández Varela	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/11/2016	31/12/2016
Novembro	Juan Manuel Silva Hermida	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	1.267,82 €	439,94 €	1.707,76 €	25/11/2016	31/12/2016
Decembro	Emilio José Vázquez Costa	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	290,01 €	42,77 €	332,78 €	09/12/2016	31/01/2017
Decembro	Fidel Balo Mosquera	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	290,01 €	42,77 €	332,78 €	09/12/2016	31/01/2017
Decembro	Antonio Fernández Varela	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	290,01 €	42,77 €	332,78 €	09/12/2016	31/01/2017
Decembro	Juan Manuel Silva Hermida	xxxxx	Operario servizo múltiples. Categoría profesional: peón	290,01 €	42,77 €	332,78 €	09/12/2016	31/01/2017
Importe total xustificado						29.056,76 €		

3º.- Que para este mesmo obxecto, non se obtiveron outras subvencións ou ingresos de ningún tipo.

4º.- Declarar que esta entidade local cumpríu con todos os compromisos ós que se refire a base 7ª do programa de integración laboral da convocatoria, relativa á actividade subvencionada.

5º.- Que a contratación foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concurrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

6º.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da axuda económica con indicación dos investimentos realizados e dos resultados obtidos.

7º.- Declarar que esta entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo de presentación de xustificación.

8º.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

6.Xustificación final do programa "impulso ó desenvolvemento económico, fomento do emprego e apoio ó comercio de Boqueixón", ano 2016

Con data do 18 de novembro de 2015 saíu publicado no BOP núm. 221 as Bases reguladoras da convocatoria do programa de subvencións dirixido ós concellos e outras

entidades locais da provincia da Coruña para actividades de promoción económica durante o ano 2016 (programa FOAYAA).

O 17 de decembro de 2015, o Concello de Boqueixón, solicita axuda económica para executar as actividades de promoción económica

Por resolución número 11.715 de 24.05.16 apróbase a concesión definitiva da subvención correspondente ó programa FOAYAA: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para actividades de Promoción Económica durante o ano 2016: cod exp. 2015000007900. Obxecto: Impulso ó desenvolvemento económico, fomento do emprego e apoio ó comercio de Boqueixón.

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida por importe de 3.087,23 €, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a conta xustificativa da subvención destinada **a financiar gastos realizados**, con identificación do nome da empresa, NIF, concepto, tipo de documento, data do documento, número de documento, tal e como consta na seguinte relación clasificada de pagos realizados:

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo						Importe imputado
	NOME Nome e apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade de completo	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de documento	Data documento	Nº documento	Data pago	Importe do documento (Indicar só si non coincide co importe imputado)	
XESTIÓN DE ALÉRXENOS	SOLVENCIA TÉCNICA	B70305982	Curso de xestión de alérxenos	FACTURA	29/11/2016	For/2016/015	09/12/2016	360 euros	360 euros
Xornada de comercio electrónico	SOLVENCIA TÉCNICA	B70305982	Curso de comercio electrónico	FACTURA	19/12/2016	For/2016/016	21/12/2016	1.200 euros	1.200 euros
DESEÑO E IMPRESIÓN DE FOLLETOS PARA A PROMOCIÓN DOS PRODUTOS DO CONCELLO	GRAFIDEZA	B36193712	4000 . DESEÑO E IMPRESIÓN DE FOLLETOS "MANXARES DE BOQUEIXÓN" E "HORTA DE BOQUEIXÓN".	FACTURA	27/12/2016	0415/2016	29/12/2016	1.550 euros	1.550 euros
Nóminas e seguridade social da empresa									
Nómina mes de novembro 2016	María Victoria Negrín Blanco	XXXXX	Gastos de salarios para a organización das actividades	NÓMINA novembro 2016	30/11/2016	-----	25/11/2016	2.048,49 euros	50% 1.024,25 euros
Nómina mes de decembro 2016	María Victoria Negrín Blanco	XXXXX	Gastos de salarios para a organización das actividades	NÓMINA decembro 2016	31/12/2016	-----	22/12/2016	2.048,49 euros	50% 1.024,25 euros
Seguridade social da empresa mes de novembro de 2016	María Victoria Negrín Blanco	XXXXX	Gastos seguridade social da empresa mes de novembro 2016	TC novembro 2016	31/12/2016	-----	31/01/2017	588,85 euros	50% 294,43 euros
Seguridade social da empresa mes de decembro de 2016	María Victoria Negrín Blanco	XXXXX	Gastos seguridade social da empresa mes de novembro 2016	TC decembro 2016	31/12/2016	-----	31/01/2017	588,85 euros	294,43 euros

IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO	4.723,12 euros
Produciuse unha desviación sobre o orzamento presentado xunto coa solicitude no seguinte concepto: Deseño e impresión de 4.000 folletos para a promoción dos produtos do concello. Desviación pola mellora das calidades e número de unidades da impresión dos folletos. Orzamento previsto na solicitude: 1.000 euros. Orzamento imputado: 1.550 euros.	

- 2.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 3.- Que os xustificantes de pago da subvención referenciada, non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.
- 4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.
- 5.- Que non se obtivo ningunha outra subvención, nen axuda económica para o mesmo obxecto.
- 6.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.
- 7.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

7.Xustificación final de RISGAS, ano 2016

Publicouse no DOG nº 248 do 30 de decembro de 2015, a Orde do 29 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) e se aproba a convocatoria para o ano 2016.

Na Xunta de Goberno de data do 21 de xaneiro de 2016 adoptouse o acordo de aprobar e solicitar a axuda ó abeiro da citada Orde. Con data de rexistro do 16 de febreiro de 2016 presentouse a solicitude de axuda. Con data do 26 de maio de 2016 foi notificado ó Concello de Boqueixón a Resolución da Xunta de Galicia pola que se concede unha axuda económica por importe de 16.389,10 euros, núm. expediente TR351F 2016/39-1, para a contratación de 2 persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Risga, para a realización do “Servizo de mantemento de espazos públicos”.

Con data do 16 de xuño de 2016 dase inicio a contratación de 2 traballadores, L.P.I. e M. F. B.

Téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar e presentar a seguinte conta xustificativa da subvención concedida para a contratación de 2 traballadores durante 7 meses dende o 16 de xuño de 2016 ó 15 de xaneiro de 2017, cunha xornada laboral do 75%:

a) Presentouse con data do 8 de xuño de 2016, oferta de emprego na Oficina de Emprego de Santiago Norte, acompañado da autorización da xefatura territorial da Coruña e a Resolución. Os traballadores contratados foron: L.P.I. e M. F. B.

b) Que para este mesmo obxecto, non se obtiveron outras subvencións de ningún tipo.

c) Que a subvención percibida para a contratación dos traballadores desempregados para a realización do servizo denominado “servizo de mantemento de espazos públicos” e executado no período comprendido entre o 15/06/2016 ó 15/01/2017 destinouse ós fins para os que se concedeu e conforme ó disposto na normativa aplicable. Que se cumpriu íntegramente a finalidade para a que se concedeu a subvención.

d) Que os gastos efectuados a tal fin con cargo a dita subvención son os que se citan a continuación, desagregándose no Anexo, que se achega xunto a presente no punto e):

SUBVENCIÓN INGRESADA POLA ADMINISTRACIÓN (A)	SUBVENCIÓN XUSTIFICADA POLA ENTIDADE (segundo Anexo/s) (B)	DIFERENCIA (Remanente) (A-B)
16.389,10 euros	15.521,42 euros	867,68 euros

e) Que as retribucións salariais brutas, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e máis as cotizacións empresariais á seguridade social, con cargo a dita subvención, son as seguintes:

Anexo. Certificado fin de servizo

Datos traballador	L.P.I							
G.C	10							
Datos traballador	Custos salariais (1)			Custos seg.social mensuais (2)			Totais	
MES	Salario bruto (inc.pluses salariais)	PP. Pagas extras (no seu caso)	Custo salarial mensual/base s de cotización (A)	% cota patronal á seguridade e social	CNAE	Cota patronal mensual (B)	Nº meses	Total custo mensual (A+B)
XUÑO 2016	223,48 €	37,25 €	260,73 €	34,70	G	90,47€	15 días	351,20 €
XULLO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
AGOSTO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
SETEMBRO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
OUTUBRO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
NOVEMBRO	717,75 €	8,28 €	726,03 €	34,70	G	298,27€	1M	1.024,30€
DECEMBRO 2016	613,55 €	102,26 €	715,81€	34,70	G	307,98€	1M	1.023,79€
XANEIRO 2017	296,88 €	49,48 €	346,36 €	34,70	G	149,02€	15 días	495,38€
Subvención xustificada			5.525,21€	34,70	G	2.052,02€	7M	7.577,23€

Datos traballador	M.F.B							
G.C	10							
Datos traballador	Custos salariais (1)			Custos seg.social mensuais (2)			Totais	
MES	Salario bruto (inc.pluses salariais)	PP. Pagas extras (no seu caso)	Custo salarial mensual/ba ses de cotización (A)	% cota patronal á seguridade e social	CNAE	Cota patronal mensual (B)	Nº meses	Total custo mensual (A+B)
XUÑO 2016	223,48 €	37,25 €	260,73 €	34,70	G	90,47€	15 días	351,20 €
XULLO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
AGOSTO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
SETEMBRO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
OUTUBRO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€

NOVEM BRO	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
DECEM BRO 2016	744,92 €	124,15 €	869,07 €	34,70	G	301,57€	1M	1.170,64€
XANEIRO 2017	360,45 €	62,08 €	422,53 €	34,70	G	146,62€	15 días	569,15 €
Subvención xustificada			5.897,68 €	34,70	G	2.046,51 €	7 M	7.944,19 €

(1) Inclúiranse neste apartado os **custos salariais mensuais** de cada traballador que formen parte da base de cotización á Seguridade Social e tendo en conta os conceptos non subvencionables: pluses extrasalariais, indemnizacións, dietas, gastos de locomoción, pluses de distancia ou transporte que non superen o 20% do SMI, percepcións por matrimonio, etc.

(2) Inclúiranse neste apartado os custos de Seguridade Social a cargo da empresa, é dicir o resultado de multiplicar á base de cotización a porcentaxe correspondente ás cotizacións empresariais de acordo co CNAE/Ocupación correspondente.

(3) Inclúiranse tantas filas como traballadores contratados podendo continuar en folia aparte.

2.- Aprobar a memoria xustificativa das actividades desenvoltas no período de contratación.

8.Xustificación do programa de conciliación e responsabilidades compartidas

O 1 de xullo de 2016, no Boletín Oficial da Provincia, número 124, sae publicada a resolución definitiva da concesión de subvencións do programa FOIO0B: Programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2016.

Ó Concello de Boqueixón concédeselle unha subvención por importe total, que se ha xustificar de **4.298,34 €**, “conciliación e responsabilidades compartidas CI-5. Programa promoción da igualdade.

Con data 12/07/2016 e número de rexistro de entrada 16/1462 recíbese no concello notificación do anticipo: resolución de pago, programa “Conciliación e responsabilidades compartidas proxecto CI-5”, expediente 2015000006964. Dita resolución resolve aboar ó concello ó 50 % do importe da subvención, en concepto de anticipo, o que supón a contía de 2.149,17 €.

Dito ingreso na conta do concello ten lugar o 19 de xullo do 2016.

O obxecto xeral da subvención “Programa de Conciliación 2016” é fomentar as actividades culturais, educativas, e de lecer para a poboación infantil fóra do horario escolar, en xornada laboral dos pais/titores e en períodos vacacionais, así como traballar conscientemente a transversalidade de xénero, creando un espazo de socialización desde o cal se compensen os desaxustes de orixe diverso, como aqueles que proveñen de prexuízos sexistas que poden incidir na poboación infantil.

As actividades do “Programa de Conciliación 2016” tiveron lugar en horarios laborais dos proxenitores/titores, polas tardes, e fóra do horario escolar.

A temporalización tivo lugar do seguinte xeito: no centro socio cultural de Camporrapado, todos os venres de xaneiro a mediados de xuño e todos os venres de outubro a mediados de decembro, en horario de tarde.

Tanto a elección do centro socio cultural para a realización das actividades de ocio como os horarios elixidos fixéronse de acordo coa demanda do servizo por parte dos proxenitores/titores.

O prazo de xustificación da subvención remata o 28 de abril do 2017.

Tendo en conta que se cumpren tódolos compromisos e condicións impostos na concesión da subvención, a Xunta de Goberno acorda:

1. Imputar os seguintes porcentaxes das nóminas do dinamizador socio cultural que interveu nas actividades do programa de conciliación 2016, tanto na planificación, como activamente no seu desenrolo e na elaboración da memoria:

Meses 2016	Apelidos, nome e DNI	Salario Bruto/mes	SS empresa /mes	Total Gasto mes	% imputado	Total imputado	Data/ Forma de pago
Xaneiro	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1560,51 €	609,87 €	2170,38 €	29,07%	630,91 €	Transferencia bancaria 25/01/2016
Febreiro	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1560,51 €	609,87 €	2170,38 €	29,07%	630,91 €	Transferencia bancaria 26/02/2016
Marzo	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1560,51 €	609,87 €	2170,38 €	21,80 %	473,18 €	Transferencia bancaria 28/03/2016
Abril	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1560,51 €	609,87 €	2170,38 €	36,34%	788,64 €	Transferencia bancaria 25/04/2016
Maio	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	2313,84€	609,87 €	2923,71€	21,58%	630,91 €	Transferencia bancaria 25/05/2016
Xuño	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1560,51€	609,87 €	2170,38 €	21,80%	473,18 €	Transferencia bancaria 27/06/2016
Outubro	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1578,59€	616,93€	2195,52 €	28,74%	630,91 €	Transferencia bancaria 25/10/2016
Novembro	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1578,59€	616,93€	2195,52 €	28,74%	630,91 €	Transferencia bancaria 25/11/2016
Decembro	Villaverde Nuñez Pascual DNI xxxxx	1578,59€	616,93€	2195,52 €	21,55%	630,91 €	Transferencia bancaria 22/12/2016
Importe total imputado ó dinamizador social, Pascual Villaverde Nuñez						5.362,76€	

2.- Imputar con cargo a esta subvención as seguintes facturas:

Concepto	Razón social	Nº factura	Data emisión	Importe factura	Total imputado	Data órgano aprobación	Data pagamento
Material fungible activ.	Papelería Xiz SL B15947948	F16/891	20/07/2016	672,51 €	100%	Xunta Goberno 22/09/2016	6/10/2016

conciliación							
Material funxible activ. conciliación	Area informática xxxxx Benjamín Collantes Vieiro	223/A	18/10/2016	223,95 €	100%	Resolución alcaldía 8/11/2016	11/11/2016
Material funxible activ. conciliación	Area informática xxxxx Benjamín	248/A	21/11/2016	39,33	100%	Xunta Goberno 22/09/2016	9/12/2016
Importe total imputado: 935,79 €							

2. O importe total que se xustifica é de 4.298,34 €.

3. Aprobar a memoria explicativa das actividades realizadas “Conciliando 2016”, na que consta o cumprimento da finalidade, así como ter cumpridos os requisitos, condicións impostas e aplicación da transversalidade de xénero, xunto cos resultados obtidos.

4. Que para o mesmo obxecto , obtivéronse ingresos dos participantes por importe total de **1.936,5 €**. Non se obtiveron outras subvencións de entidades públicas / privadas.

5. Que polo concello fíxose constar na publicidade da actividade subvencionada a colaboración da Deputación Provincial da Coruña

6. Que non se ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

7. Que a Conta Xeral do ano 2015 foi aprobada e enviada correctamente ó Tribunal de Contas con data 5/10/2016.

8. Que o gasto que se xustifica se reflectiuse , na forma preceptiva no Libro de Contabilidade da Entidade, segundo o disposto no artigo 14.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e , sendo polo tanto contabilizado e pagado

9. Dar conta deste acordo de xustificación á Deputación Provincial da Coruña, Sección de Servizos Sociais.

9.Aprobación convenio para a campaña de comunicación do concello coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión SL

No DOGA nº 13 do 19 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

A ésta entidade vénselle concedendo nos últimos anos unha axuda ó amparo desta convocatoria, de xeito que no presente ano está solicitada a axuda de 3.000€ á que se pode acceder mediante a convocatoria e outra axuda de 1.500 € adicionais mediante convenio a tres con A Banca, Axencia de Turismo de Galicia e o concello (medida especial recollida

na Orde de subvencións). Esta entidade prevee imputar unha parte do custo deste convenio ós gastos subvencionados ó amparo desta convocatoria.

O Concello de Boqueixón, co fin de dar publicidade e mellorar a comunicación da entidade, considera oportuna a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Sociedade Española de Radiodifusión, SL.

Considerando o elevado número de oíntes da emisora deste grupo de comunicación, a inclusión de cuñas radiofónicas nos seus programas de información sobre os recursos turísticos do concello, accións de desenvolvemento local que se leven a cabo, eventos de interese cultural e social, etc permite potenciar en grande medida os resultados dos mesmos. É importante facer chegar a información dun xeito cercano e directo á poboación, conseguindo maior difusión de todas actividades, proxectos, recursos turísticos, festas declaradas de interese turístico, etc que terán maior visibilidade con este servizo.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobado o convenio para a campaña de comunicación que se transcribe a continuación:

REUNIDOS

Dunha parte, D^o Manuel Fernández Munín con DNI xxxxx, en calidade de alcalde do Excmo. Concello de Boqueixón,

E doutra D. Jordi Jordá I Casademont, con DNI xxxxx, que actúa en nome e representación de Sociedad Española de Radiodifusión S.L.

Ambas partes recoñécense capacidade suficiente para asinar o presente contrato para o desenvolvemento dunha campaña de promoción e difusión de distintos eventos e recursos turísticos do Concello de Boqueixón.

OBRIGAS E DEREITOS

1 A vixencia do presente convenio cónguese á anualidade 2017, entrando en vigor dende a sinatura do mesmo e tendo como finalidades entre outras as seguintes:

- Difusión de actividades relacionadas coa promoción económica do concello.
- Difusión de actuacións turísticas, culturais, artísticas ou de fomento do emprego.
- Difusión de actividades de relevancia social para o concello.

2 A campaña de promoción e difusión desenvolverase de acordo coa seguinte proposta:

Un paquete de 50 cuñas para emisión en Cadena SER de 20 segundos de duración cada unha delas con ámbito comarcal, as cales serán emitidas durante a vixencia do convenio en función das necesidades do concello de Boqueixón.

3. O Concello de Boqueixón comprométese á aboar a cantidade de 1.119,25 € (ive incluído). Aboarase cun pago único e mediante transferencia bancaria.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto, no lugar e datas arriba indicados.

Polo Concello de Boqueixón

Pola Sociedad Española de Radiodifusión S.L.

Manuel Fernández Munín
Alcalde

Jordi Jordá I Casademont
Director

2 Comunicar este acordo á Sociedad Española de Radiodifusión S.L.

10.Aprobación convenio para a campaña de comunicación do concello coa entidade Editorial Compostela SA

No DOGA nº 13 do 19 de xaneiro de 2017, saíu publicada a Resolución do 29 de decembro de 2016 da Axencia de Turismo de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia.

A ésta entidade vénselle concedendo nos últimos anos unha axuda ó amparo desta convocatoria, de xeito que no presente ano está solicitada a axuda de 3.000€ á que se pode acceder mediante a convocatoria e outra axuda de 1.500€ adicionais mediante convenio a tres con A Banca, Axencia de Turismo de Galicia e o concello (medida especial recollida na Orde de subvencións). Esta entidade prevee imputar unha parte do custo deste convenio ós gastos subvencionados ó amparo desta convocatoria.

O Concello de Boqueixón, co fin de dar publicidade e mellorar a comunicación da entidade, considera oportuna a sinatura dun convenio de colaboración coa entidade Editorial Compostela, S.A.

Considerando o elevado número de lectores e oíntes deste grupo de comunicación, a inclusión de anuncios e cuñas radiofónicas nos seus periódicos e programas de información sobre os recursos turísticos do concello, accións de desenvolvemento local que se leven a cabo, eventos de interese cultural e social, etc permite potenciar en grande medida os resultados dos mesmos. É importante facer chegar a información dun xeito cercano e directo á poboación, conseguindo maior difusión de todas actividades, proxectos, recursos turísticos, festas declaradas de interese turístico, etc que terán maior visibilidade con este servizo.

Polo tanto, a Xunta de Goberno:

1.- Aprobado o convenio para a campaña de comunicación que se transcribe a continuación:

Dunha parte, D. Manuel Fernández Munín, maior de idade, con DNI: xxxxxx actuando en representación do Concello de Boqueixón (en adiante concello), con domicilio social en Forte, s/n, Boqueixón, e en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

E doutra parte, dona Palmira Roo Creo, maior de idade, con DNI xxxxxx, actúa en calidade de subdirectora comercial en representación de Editorial Compostela S.A. (en adiante

Editorial Compostela), sociedade con domicilio en Santiago de Compostela, rúa Preguntoiro, 29, e CIF A-15000391.

Ambas partes recoñécense coa capacidade suficiente para asinar o presente contrato coa finalidade de levar a cabo unha campaña de marketing e publicidade do Concello da Boqueixón en diferentes medios do Grupo Correo Gallego durante o exercicio 2017 de acordo coas seguintes

ESTIPULACIÓNS:

O convenio entrará en vigor o 3 de febreiro de 2017 e estará vixente ata o 31 de decembro de 2017, podendo prorrogarse por mutuo acordo a partir da devandita data, previa prestación da conformidade por escrito de ámbalas dúas partes tendo como finalidade entre outras as seguintes:

1. Difusión das actividades relacionadas coa promoción económica do concello.
2. Difusión de calquera actuación turística, cultural, artística ou de fomento da creación do emprego organizada ou da que forme parte o Concello de Boqueixón.
3. Difusión de actividades deportivas, sociais, educativas, de atención calquera outras actividades de relevancia social do Concello
4. Difusión de actividades medioambientais, de aforro enerxético ou dun consumo sostible e responsable coa natureza, etc., que esté sendo desenvolvida polo Concello.
5. Calquera outro tipo de entrevista que sexa de interese municipal.

A campaña de marketing desenvolverase de acordo coa seguinte proposta:

RADIO OBRADOIRO:

- O Concello de Boqueixón resérvase un paquete de 100 cuñas (de 20 segundos de duración cada unha delas) as cales serán emitidas durante a vixencia deste convenio en función das necesidades do Concello.

As cuñas obxecto deste convenio poderán ser enviadas polo Concello ou ben gravadas por persoal de Radio Obradoiro seguindo as indicacións do Concello, e este comunicará con antelación suficiente cada unha das campañas institucionais programadas e coas que fará uso das referidas cuñas, así como dos contidos específicos das mesmas.

- O Concello de Boqueixón contará con 2 entrevistas de actualidade cultural aqueles persoeiros designados polo propio Concello e que se emitirán ao longo da programación de Radio Obradoiro cando o Concello o estime oportuno.

No caso de non facer uso das entrevistas, o Concello poderá cambiar cada unha delas por un paquete de 10 cuñas que servirán para darlle unha maior difusión ás súas actividades. O custo desta partida ascende a 363€, IVE engadido.

INTERNET:

- Durante a vixencia do presente convenio, o Concello reserva un banner de 300 x 250 pixels na páxina web de El Correo Gallego, www.elcorreogallego.es durante 4 semanas.

Tamén disporá de cobertura informativa de contido cultural, social, turístico ou gastronómico que se publicará en diferentes ubicacións a criterio do director de contido editorial e en función da natureza da información. Tódalas accións de redacción (reportaxes, artigos, galerías, destacados, textos, videos, etc.) levarán link directo á páxina,

onde se inclúe o contido sobre a axenda do evento ou información. A creatividade deberá ser facilitada polo Concello ou farase cargo Editorial Compostela.
O custo desta partida ascende a 847€, IVE engadido.

Prensa:

- O Concello reserva a inserción de 80 módulos de publicidade a cor, que se distribuirán en 8 anuncios de 10 módulos, podendo modificar esta distribución segundo as necesidades do Concello. O deseño dos anuncios poderá ser realizado polo persoal de Editorial Compostela de acordo coas indicacións do Concello ou remitido polo mesmo
O Custo desta partida ascende a 2.420€, IVE incluído.

Prezo e forma de pago:

A inversión total, por parte do Concello de Boqueixón para o total do exercicio económico 2017, derivado deste convenio de marketing, ascende á cantidade total de 3.630€, IVE incluído, e abarcará as campañas arriba indicadas.

Os pagamentos do Concello á Editorial Compostela efectuaranse do seguinte modo:

- Editorial Compostela S.A. emitirá dúas facturas:
- Unha factura no mes de marzo de 2017 por valor de 1.541,54€ (IVE incluído) correspondente á promoción do Entroido e Festa da Filloa de Lestedo, que será aboada antes do 29 de marzo de 2017.
- Outra factura no mes de xullo por valor de 2.088,46 € (IVE incluído) que será aboada antes do 30 de xullo de 2017.
- As facturas serán aboadas polo Concello de Boqueixón mediante transferencia bancaria ao número de conta: ES54 2100 4876 0822 0000 4958

E en proba de conformidade cos termos do convenio, ambas partes o asinan por duplicado no lugar e data expresados.

Polo Concello de Boqueixón

Por Editorial Compostela S.A.

Alcalde
Manuel Fernández Munín

Subdirectora Comercial
Palmira Roo Creo

2 Comunicar este acordo á Editorial Compostela, S.A.

11.Aprobación da organización das “2^{as} Xornadas Gastronómicas da Filloa 2017”

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases do réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Por outra parte, o artigo 25.2 m) da mesma norma outorga competencias ós concellos en materia de cultura e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Boqueixón leva a cabo diversas accións de potenciación do tecido empresarial, e en concreto, a actividade “2^{as} Xornadas Gastronómicas da Filloa 2017” é un proxecto de promoción do sector hosteleiro de municipio, unha acción cun obxectivo de

desenvolvemento local e de impulso ó turismo gastronómico. Tendo constancia do éxito de participantes acadado en actividades similares,

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar a organización das “2^{as} Xornadas Gastronómicas da Filloa 2017” nos seguintes termos:

*Calendario: 24, 25, 26 e 28 de febreiro e 2, 3 e 4 de marzo 2017.

*Horario: 12:00h.- 15:00h. e de 20:00h.- 22:30h.

*O prezo que os hosteleiros participantes fixan para o cobro de cada tapa que entra no concurso: 1,50 €

2.- O Concello de Boqueixón asumirá os seguintes custos:

- Colaboración na organización.

- Difusión da campaña (páx. web, notas de prensa, radio, spot tv, presentación oficial para prensa, material divulgativo e de participación).

- Financiación da cartelería.

3.- Os establecementos hosteleiros participantes realizarán as seguintes aportacións:

- Colaboración coa organización e no bo desenvolvemento da actividade.

- Difusión nos seus locais do material divulgativo e de participación.

4.- Dispor da asignación orzamentaria para facer fronte á aportación municipal.

12.Pagamento do seguro de voluntarios de protección civil

O día 28 de xaneiro deste ano 2017, venceu a póliza de seguro concertada coa Asociación Nacional de Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil. Tódolos anos se fai un seguro para cubrir ós voluntarios que desinteresadamente prestan axuda nas distintas actividades que desenvolve o concello nos diferentes ámbitos de actuación.

O día 31/01/2017 tivo entrada no rexistro municipal o recibo de cobro núm. A/25/17 polo concepto de seguro de voluntarios de protección civil do 29/01/2017 ata o 28/01/2018 polo importe de 504 euros.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Aprobar o recibo de cobro núm. A/25/17 con data 31/01/2017 e polo concepto do seguro de voluntarios de protección civil por importe de 504 euros.

13.Concesión dunha axuda económica ó CPI Antonio Orza Couto

Con rexistro de día 12 de xaneiro de 2017, unha representación do CPIP “Antonio Orza Couto”, solicita unha axuda económica para sufragar os gastos da viaxe de Fin de Etapa que realizarán cos alumnos/as de 4º ESO,

A Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, establece no seu art. 19.4 c) que poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas subvencións en

que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outros debidamente xustificados que dificulten a súa convocatoria pública.

Asi mesmo, o art. 15.2 c) da mesma lei establece que non será necesaria a publicación das subvencións concedidas, cando os importes, individualmente considerados, sexan de contía inferior a 3.000 euros.

Tendo en conta a escasa contía económica que se pretende conceder, para a súa adxudicación directa, a Xunta de Goberno acorda:

- 1 Conceder ao CPI “Antonio Orza Couto”, unha axuda económica de **500 euros** para cubrir os gastos descritos na súa solicitude, coa finalidade de contribuir a que os alumnos e alumnas deste centro adquiran maior riqueza cultural e social.
- 2 Comunicar que no momento en que presente a xustificación dos gastos subvencionables, seralle feito o pagamento correspondente.
- 3 Comunicar este acordo á Tesourería para que proceda co seu aboamento.

14.Cesión do auditorio do local socio cultural de Codeso á asociación de veciños de Sta Olalla de Codeso

Con data de entrada do día 27 de xaneiro de 2017 e nº 201700137 recíbeuse escrito da Asociación de Veciños “Santa Olalla” de Codeso no que comunican a súa intención de levar a cabo obras de mellora acústica no auditorio do Local Sociocultural de Codeso, coa finalidade de destinalo a local de ensaio dos grupos de música existentes nesta parroquia e outros usos de interese veciñal.

No inventario de bens deste concello figura o CSC de Codeso co código 1INM01200016, polo que a Xunta de Goberno,

O artigo 89 do regulamento de bens das entidades locais establece que a concesión será outorgada polo órgano competente e será necesario a maioría absoluta cando dure máis de cinco anos.

Neste caso a cesión do local faise por un período máximo de **cinco anos**, polo que non é necesaria dita maioría e en consecuencia é competencia da xunta de goberno por delegación do pleno.

Por todo o cal, a Xunta de Goberno acorda:

A.- Ceder o uso do auditorio do Centro Sociocultural de Codeso á Asociación de veciños “Santa Olalla” de Codeso por un período máximo de **cinco anos**, para usar como local de ensaio os grupos musicais da parroquia e a realización de actividades de interese veciñal, coas seguintes condicións:

1. O concello resérvase o dereito de reclamar o uso cando o precise para desenvolver no dito local calquer actividade municipal e/ou veciñal. Neste caso, bastará que o concello llo comunique á Asociación veciños “Santa Olalla” de

Codeso con dous días de antelación. A asociación deberá poñer o local á disposición do concello en condicións de uso.

2. Así mesmo o concello resérvase o dereito de autorizar o uso do local a outras asociacións que previamente o soliciten, para a realización de actividades tanto de carácter puntual como continuado.
3. A Asociación de veciños “Santa Olalla” de Codeso, correrá con todos os gastos que se deriven do desenvolvemento das actividades, incluídos os de mantemento do local.
4. A Asociación de veciños “Santa Olalla” de Codeso, obrígase a conservar e manter as instalacións en perfecto estado para o seu uso.

B.-Autorizar á referida asociación a execución das obras consistentes na insonorización de dita sala.

15.Arquivo expediente 9/1833 , denuncia urbanística

Antecedentes:

Con data do 16/12/2016, con rexistro de entrada nº: 16/2808, de data do 22/12/2016, por Dona Eva xxxxx, con relación aos expedientes de referencia, preséntase un escrito no que fai constar o seguinte:

“Que con data do 9 de novembro, levouse a cabo a demolición do exceso de altura do muro de formigón, realizado no lugar de xxxxx (Lestedo)”.

Solicita:

“Que se axunte a presente notificación ao expediente, se de por subsanada a legalidade, e se archive o dito expediente”.

Vista á solicitude presentada por Doña Eva xxxxx; por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, con data do 19 de xaneiro de 2017, emite un informe técnico, e que a continuación se transcribe literalmente:

“Quen asina, D^a. María Carmen Novoa Sío, arquitecta de Estudio Técnico Gallego, S.A., empresa encargada da asistencia técnica e urbanística do Concello de Boqueixón (A Coruña); en relación co expediente de reposición da legalidade iniciado a D^a Eva xxxxx, por un exceso de altura nun muro de formigón, localizado no lugar de xxxxx (parroquia de Lestedo), emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO

1. ANTECEDENTES

1. Con data do 21 de xullo de 2016 (RE nº16/1563), recíbese a sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Santiago de Compostela, emitida con data do 15 de xullo, no que se desestima o recurso contencioso-administrativo nº507/2015 presentado por D^a. Eva xxxxx e D. Rubén xxxxx, en referencia a unha orde de demolición realizada polo Concello, do exceso de altura dun muro de formigón, por non respectar a altura máxima permitida.

2. Dado que non foi interposto recurso algún no prazo legal establecido, a Xunta de Goberno Local (en diante, XGL) acordou, con data do 3 de novembro de 2016, levantar a

suspensión da execución do acordo de demolición, aprobado pola XGL con data do 7 de maio de 2015.

3. Con data do 22 de decembro de 2016 (RE nº16/2808), recíbese notificación firmada por D^a. Eva xxxxx na que literalmente se indica que:

“El día 9 de noviembre se llevó a cabo la demolición del exceso de altura del muro de hormigón, realizado en el lugar de xxxxx(Lestedo), por D^a. Eva xxxxx.

La demolición se llevado a cabo de acuerdo a la propuesta presentada por mi parte al ayuntamiento el 4 de marzo de 2011, y sobre la cual los servicios técnicos municipales del Concello de Boqueixón emitieron informe favorable firmado por la arquitecto María del Carmen Novoa Sío el 8 de abril de 2011.

Eliminándose de esta manera el exceso de altura sobre los 2,2 metros por lo que entendemos subsanado el expediente en conformidad con el acuerdo de la junta de gobierno del 3 de noviembre del 2016.

Acompaño la presente notificación con cuatro fotografías: las dos primeras del estado previo con la línea de corte y las 2 últimas del estado actual con la demolición ya practicada, para que conste a los efectos oportunos, así como de copias de la propuesta presentada el 4/03/2011, la contestación favorable respecto a dicha propuesta del 8/04/2011 y de la notificación del concello de Boqueixón con fecha de salida 9/11/2016.

Solicito, que se adjunte la presente notificación al expediente de por subsanada la legalidad y se archive el mismo”.

2. VISITA DE COMPROBACIÓN.

Quen asina realizou visita ó lugar de Ardarís, pola que se comproba a execución da demolición nos termos indicados no punto anterior., e á que corresponde a seguinte reportaxe fotográfica:

xxxxxxxx

O corte do muro realizouse a unha altura de 2,16m, medidos dende a cota de rasante do muro exterior no acceso á finca, tal e como se informou favorablemente con data do 8 de abril de 2011.

xxxxxxxx

3. CONCLUSIONES.

Á vista da visita de comprobación realizada, quen asina considera que coas actuacións executadas estase a dar cumprimento ó Acordo da XGL do 5 de marzo de 2015, polo que se ordenou a demolición do exceso de altura no muro de referencia.
Infórmase ós efectos oportunos.”

En vista do informe técnico emitido, é unha vez finalizado o expediente de reposición da legalidade urbanística, contra dona Eva xxxxx, e don Rubén xxxxx, en base á denuncia presentada por dona Rosario xxxxx, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Dar por finalizado o expediente de reposición da legalidade urbanística, contra dona Eva xxxxx e don Rubén xxxxx, en base á denuncia presentada por dona Rosario xxxxx, en procédase ao arquivo do dito expediente, sen mais trámite.

Segundo:

Notificar este acordo aos seguintes interesados

- Eva xxxxx
Rubén xxxx
xxxxx
Vilar - Lestedo
15881 - Boqueixón
- Rosario xxxxx
xxxxx
15881 – Boqueixón
A Coruña

16.Arquivo expediente limpeza de parcela en Loureda e devolución de importe transferido ó concello

O 10 de xuño do 2016, co número de entrada 16/1172, dona M^a del Carmen xxxxx, con domicilio en Arzúa, sinala que na aldea de xxxxx – Loureda, lugar donde viven seus pais, existe unha vivenda en ruínas, completamente invadida de maleza.

Que dita maleza invade non só a casa, senón tamén a estrada que está a carón e as propiedades dos veciños colindantes, poñendo en perigo a circulación viaria, a saúde dos veciños e con alto risco de incendio para toda a aldea.

Manifesta igualmente que dita casa era propiedade do falecido, don Jesús xxxxx.

Na Xunta de Goberno do 16 de xuño do 2016 acordouse requirir os herdeiros de don Jesús xxxxx, propietarios da parcela número 63, polígono 502, do lugar de xxxxx – Loureda, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da maleza existente; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselles trámite de audiencia .

Figuran como herdeiros de don Jesús xxxxx: herdeiros de dona María xxxxx, dona Angela xxxxx, dona Manuela xxxxx e dona Estrella xxxxx.

Feita visita de comprobación o 21 de xullo do 2016 obsérvase que a parcela número 63 está sen limpar e así mesmo observase e faise constar que existen máis metros cadrados sen limpar e con abundante maleza, que os da parcela número 63.

O servizo de urbanismo con data 26 de xullo do 2016 emite certificado catastral descritivo e gráfico no cal se reflicte que a carón da parcela número 63, polígono 502 está a parcela número 62, polígono 502 (con unha superficie de 1.924 m2) a cal figura a nome de herdeiros de don Jesús xxxxx.

Según informe do coordinador de obras e servizos do concello, de data 26 de xullo do 2016 compróbase que “na parcela número 62, polígono 502, existe abundante maleza.

Dita parcela ten un total de 1.924 m2. (Está a carón da parcela número 63 que ten un total de 1.353 m2, tamén con abundante maleza)

Apreciase un grave estado de abandono. Todo elo supón unha evidente situación de insalubridade e de risco incendio.”

Por Decreto da alcaldía de 26 de xullo do 2016 resolveuse requirir os herdeiros de don Jesús xxxxx, propietarios da parcela número 62, polígono 502, do lugar de xxxxx – Loureda, para que procedesen en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de

limpeza da maleza existente; que en caso contrario o concello terá facultade para proceder coa realización de execución subsidiaria ou ben forzosa dos citados traballos, repercutíndolle o custo ás persoas obrigadas e déuselles trámite de audiencia.

Na Xunta de Goberno do 20 de outubro do 2016 acordouse iniciar o expediente de execución subsidiaria para proceder coa total limpeza de maleza nas leiras número 62 e 63 (tendo en conta que ademais na leira nº 63 existe unha construción cuberta de maleza), polígono número 502, do lugar de xxxxx - Loureda, propiedade de herdeiros de don Jesús xxxxx.

Por decreto da alcaldía de data 19 de decembro do 2016 resolveuse proceder coa execución subsidiaria e en consecuencia coa limpeza de maleza nas leiras número 62 e 63, polígono número 502, do lugar de xxxxx – Loureda; que a valoración dos traballos de limpeza ascenden a un total de 4.230 euros, que terán que ser aboados polos propietarios/herdeiros de don Jesús xxxxx e ingresados na conta bancaria xxxxx Abanca, a nome do Concello de Boqueixón.

Comunícaselle , así mesmo ós citados propietarios que nun prazo máximo de 5 días, desde o recibo desta notificación, remitan mediante escrito a correspondente autorización para entrar e proceder coa limpeza de maleza nas leiras número 62 e 63 (tendo en conta que ademais na leira número 63 existe unha construción cuberta de maleza), polígono número 502, do lugar de xxxxx – Loureda, así como a xustificación do pagamento do mencionado importe á conta bancaria que ten o concello, anteriormente citada.

No caso de non obter a correspondente autorización de entrada para proceder coa limpeza e non aboar o citado importe procederase á execución subsidiaria polo concello e posterior traslado do expediente á Deputación Provincial da Coruña para o cobro da débeda de 4.230 euros pola vía executiva.

Con data 29 de decembro do 2016, número de rexistro de entrada 16/2878, dona Estrella xxxxx, herdeira de don Jesús xxxxx, comunica que autoriza a entrada do persoal designado polo concello nalgúns zonas da parcela 62 e 63; que ingresou o día 28 de decembro o importe de 1.057,50 euros na conta bancaria do concello, importe proporcional que lle corresponde como herdeira (25% de 4.230 euros), xa que son catro irmáns os que ostentan a condición de herdeiros e que achega co escrito o xustificante de ingreso do citado importe.

O informe técnico de data 11 de xaneiro do 2017 sinala que *“feita inspección técnica no lugar de xxxxx – Loureda nº 4, compróbase que as parcelas número 62 e 63, polígono 502, foron obxecto de limpeza de maleza.*

Non se aprecia risco de insalubridade nin tampouco de incendio.

Axúntase reportaxe fotográfico.”

Con data 16 de xaneiro do 2017, número de entrada 66/2017 dona Estrella xxxxx solicita que finalice o expediente de execución subsidiaria mediante arquivo, posto que nas parcelas número 62 e 63 se procedeu coa limpeza, e que se lle devolva o importe de 1.057,50 euros que ingresou na conta do concello.

Sinala que dito importe lle sexa ingresado na conta bancaria xxxxx.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra os herdeiros de don Jesús xxxxx, propietarios das parcelas números 62 e 63, polígono 502, do lugar de xxxxx - Loureda, por proceder os mesmos cos traballos de limpeza de maleza, cumprindo deste xeito o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

2. Informar que a limpeza das leiras terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

3. Que se proceda coa devolución de 1.057,50 euros a dona Estrella xxxxx no número de conta bancaria xxxxx, posto que o concello non realizou finalmente a execución subsidiaria de limpeza das parcelas nº 62 e 63, polígono 502 e dona Estrella xxxxx, procedeu co seu ingreso na conta bancaria do concello con data 28-12-2016.

4. Comunicar este acordo ós interesados.

17.Aboamento factura rectificada GM20170000004696 de “VUELING”

O departamento de Xuventude e Voluntariado do Concello de Boqueixón está a programar xunto co Concello de Vedra e o Concello de Vila de Cruces as actividades a levar a cabo no ano 2017.

Como en anos anteriores asinaremos un novo convenio de colaboración entre os tres concellos para as actividades dirixidas á xuventude.

Dentro da programación xurdiu a idea de organizar un intercambio cultural, deportivo e social con outra comunidade autónoma.

Realizando a busca entre varias comunidades autónomas encontramos un concello nas Illas Baleares, concretamente na isla de Ibiza que estaba interesado.

Tras varias conversas organizativas os acordos son ata o de agora, á espera de plasmalo nun documento:

- Sinatura de convenio entre os concellos de Boqueixón e Eivissa para a realización de dito intercambio e outras actividades plantexadas.
- Cada concello farase cargo dos costes de aloxamento, manutención e programa de actividades do grupo invitado.
- As datas
-

Por todo isto solicitouse a tarifa de grupo para voo Santiago Ibiza a cal ascende a 2.646,25 € IVE incluído, sendo necesario aboar anticipadamente o 15% do importe total (396,94 €)

Por outro lado débese ter en conta que no seu momento o citado importe de 2.646,25 € será asumido polos participantes.

Por todo o cal a Xunta de Goberno acorda:

1. Aboar á empresa Vueling 396,94 € correspondente o 15%

2.Comunicar este acordo a tesourería para que proceda ao seu aboamento:

Entidad: DEUTSCHE BANK

IBAN: xxxxx

18. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
O alcalde